**Patricia Teijeiro Alvarez (1 de 1)**
Concelleira de Educación e participación cidada
Fecha Firma: 02/04/2019
HASH: df356a695da9e4f3468585e7480afb1b

## CERTAME DE MICRORRELATOS *DÍA DO LIBRO 2019*

O Concello de Vilalba, coa colaboración de Culturalia GZ, organizan un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo conmemorar o Día do Libro 2019 e asemade fomentar na poboación o achegamento á lectura literaria.

### BASES

**1. Participación**

a) Poderán concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.

b) Os menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

**2. Sobre os textos/microrrelatos**

a) Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos feito do que se responsabilizará o/a autor/a do mesmo.

b) O tema dos microrrelatos é libre e deberá conter, polo menos unha vez, a palabra *libro* no corpo do microrrelato.

c) Cada participante poderá presentar un máximo dun microrrelato.

d) As obras terán como máximo 100 palabras (título incluído).

e) Os textos presentaranse co seguinte formato: .docx, Arial, 12 puntos, interliñado 1,15.

**3. Normas sobre o envío de textos**

a) Os microrrelatos enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo do Concello de Vilalba: patriciateijeiro@vilalba.es

b) No correo deberá figurar como asunto: Certame de microrrelatos. Infantil/Xuvenil/Adultos (a categoría que corresponda, as cales se detallan no punto 5), e acompañarase de dous documentos (A e B) en formato .docx.

- **Documento A.** Nomearase co Título do microrrelato e conterá o texto do microrrelato sen sinatura e baixo un pseudónimo.

- **Documento B.** Nomearase do seguinte xeito: Título do microrrelato-Pseudónimo, e conterá os datos persoais da persoa concursante: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico, teléfono e copia dixital do DNI.

c) No caso de que o/a concursante sexa menor de idade, xuntarase a maiores unha

autorización asinada polo pai, a nai ou o/a titor/a legal cos seus datos correspondentes na que se indique que autorizan á participación e posterior publicación dos datos persoais dos menores, así como, á difusión dos microrrelatos e fotografías de ditos participantes coa única finalidade de darlle publicidade ó certame. Cada participante menor de idade entregará esta autorización debendo usar o modelo que aparece no ANEXO recollido a continuación das bases destes certame (en pdf editable).

d) Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente eliminados do concurso.

**4. Período de presentación**

O prazo para a presentación de textos estará aberto desde as 00:01 horas do 3 de abril ata as 23:59 horas do 3 de maio de 2019.

**5. Categorías**

Establécense tres categorías

Infantil: ata 11 anos

Xuvenil: de 12 a 17 anos

Adultos/as: a partir dos 18 anos

**6. Premios**

a) Distribuiranse tres premios por cada unha das categorías

**Infantil**

- Primeiro premio: diploma, figura conmemorativa, lote de libros e material escolar.
- Segundo premio: diploma, figura conmemorativa e lote de libros.
- Terceiro premio: diploma, figura conmemorativa e lote de libros.

**Xuvenil**

- Primeiro premio: diploma, figura conmemorativa, lote de libros e tablet.
- Segundo premio: diploma,figura conmemorativa e lote de libros.
- Terceiro premio: diploma, figura conmemorativa e lote de libros.

**Persoas adultas**

- Primeiro premio: diploma, figura conmemorativa, lote de libros e 300 euros.
- Segundo premio: diploma, figura conmemorativa, lote de libros e 200 euros.
- Terceiro premio: diploma, figura conmemorativa, lote de libros e 100 euros.

**7. Xurado**

a) O xurado estará formado por tres membros designados previamente e vencellados ós eidos da cultura e da educación. Terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos

premios se así o considera. A composición deste farase pública canda a resolución do premio.

b) O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

**8. Comunicación do resultado do certame**

a) A decisión do xurado darase a coñecer o día 7 de maio de 2019 a través das páxinas web das entidades convocantes, www.vilalba.org e www.culturaliagz.com, e nas súas redes sociais, así como, o nome dos seus integrantes. Debe advertirse que só que coñecerá a identidade dos participantes unha vez que o xurado teña tomado a súa deliberación final.

b) A organización comunicará mediante chamada telefónica os premios ás persoas gañadoras no mesmo día da resolución do certame por parte do xurado.

**9. Entrega de premios**

A cerimonia de entrega de premios ás persoas gañadores realizarase nun acto que terá lugar na Casa da Cultura de Vilalba o 10 de maio de 2019. Acto ao que serán convidados/-as os/as premiados/-as, ou persoa en quen deleguen, para recoller os seus galardóns. Neste acto, darase lectura ós microrrelatos gañadores.

**10. Publicación**

a) A organización do certame publicará os microrrelatos gañadores nas súas páxinas web, www.vilalba.org e www.culturaliagz.com, a partir da semana seguinte á entrega de premios para que poidan ser lidos polas persoas que o desexen. Coa participación neste certame, os/as responsables destes microrrelatos autorizan ó Concello de Vilaba e a Culturalia GZ á difusión dos mesmos é a do nome do seu creador/a na súa páxina web e/ou ou nos medios que consideren oportunos. No caso dos participantes menores de idade, achegarán a devandita autorización do pai, da nai ou do titor/a legal. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.

b) Os microrrelatos que non obteñen ningún tipo de premio, destruiranse unha vez rematado o certame.

**11. Tratamento de datos persoais**

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de

Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, os datos das persoas participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de do Concello de Vilalba, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras para enviarlles os premios. En ningún momento se empregará esta información para ulteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dirixíndose ás oficinas do Concello coa súa solicitude de fotocopia do DNI.

O Concello de Vilalba comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

**12. Observacións**

a) A organización do certame ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.

b) O certame poderá declararse deserto se os microrrelatos participantes non acadan a calidade necesaria, segundo o criterio do xurado.

c) O feito de participar neste certame implica a total aceptación das súas bases.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE.**

# Autorización Certame Literario Día do Libro 2019

## Datos del interesado

**Tipo de persona** **NIF/CIF**

**Nombre** **Primer apellido** **Segundo apellido**

(Solo si Tipo de persona = Física)

**Razón Social**

(Solo si Tipo de persona = Jurídica)

## Datos del representante

**Tipo de persona** **NIF/CIF**

**Nombre** **Primer apellido** **Segundo apellido**

(Solo si Tipo de persona = Física)

**Razón Social**

(Solo si Tipo de persona = Jurídica)

**Poder de representación que ostenta**

**Nombre del Convenio**

(Solo si Poder de representación que ostenta = Estoy adherido a un convenio con esta administración para representar al interesado)

## Datos a efectos de notificaciones

**Medio de notificación**

**Email** **Móvil**

**País** **Provincia** **Municipio**

**Núcleo diseminado** **Código postal**

España Lugo Vilalba 278

# Concello de Vilalba

Tipo Vía Dirección Número / Km Bloque Escalera Planta Puerta

## Expone / Solicita Expone

textos que farán parte do Certame literario Día do Libro 2019 e sendo menor o/a autor/a do mesmo, en calidade de

## Solicita

## Autorizo

ía do Libro 2019.- ao Excmo. concello de Vilalba á publicación dos datos persoais do referido menor, así como á difu

## Consentimiento y Deber de Informar a los Interesados sobre Protección de Datos

☒He sido informado de que esta Entidad va a tratar y guardar los datos aportados en la instancia y en la documentación que la acompaña para la realización de actuaciones administrativas.

Información básica sobre protección de datos

| | |
|---|---|
| Responsable | Concello de Vilalba |
| Finalidad | Tramitar procedimientos y actuaciones administrativas. |
| Legitimación | Cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos otorgados a esta Entidad. |
| Destinatarios | Se cederán datos, en su caso, a otras Administraciones Públicas y a los Encargados del Tratamiento de los Datos. No hay previsión de transferencias a terceros países. |
| Derechos | Acceder, rectificar y suprimir los datos, así como otros derechos, tal y como se explica en la información adicional. |
| Información Adicional | Puede consultar la información adicional y detallada sobre Protección de Datos en la siguiente dirección http://vilalba.sedelectronica.es/ |

☐Presto mi consentimiento para que los datos aportados en la instancia y en la documentación que la acompaña puedan ser utilizados para el envío de información de interés general.

Información básica sobre protección de datos

| | |
|---|---|
| Responsable | Concello de Vilalba |
| Finalidad | Informar sobre las actividades que se realizan por el Concello de Vilalba |
| Destinatarios | Cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos otorgados a esta Entidad. |
| Legitimación | Consentimiento |
| Derechos | Acceder, rectificar y suprimir los datos, así como otros derechos, tal y como se explica en la información adicional. |
| Información Adicional | Puede consultar la información adicional y detallada sobre Protección de Datos en la siguiente dirección http://vilalba.sedelectronica.es/ |

☐Presto mi consentimiento para que la entidad realice consultas de los datos del solicitante/representante a través de la Plataforma de Intermediación de Datos y otros servicios interoperables

## Firma

Firma

Vilalba